

ANUNCIO

SECRETARIA

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DA UNIDADE DE ATENCIÓN TEMPERÁ DO CONCELLO DE RIANXO

O Pleno do Concello de Rianxo, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de outubro de 2025 acordou a aprobación definitiva do Regulamento da unidade de atención temperá do Concello de Rianxo, e tendo en conta o previsto no artigo 70,2 da Lei 7/1982, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, procédese a súa publicación, que textualmente di:

“REGULAMENTO DA UNIDADE DE ATENCIÓN TEMPERÁ DO CONCELLO DE RIANXO**1.- OBXECTO DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ**

O Decreto 183/2013, de 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá e o Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá da Xunta de Galicia definen esta como o conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familiar e ao seu entorno, e que ten por obxectivo dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

Enténdese por trastorno do desenvolvemento, segundo o recollido no dito Decreto, aquelas situacións nas que, como consecuencia dunha alteración das estruturas ou funcións corporais, restricións na participación social ou calquera outro factor contextual, prodúcese un retraso ou desviación significativos no desenvolvemento das capacidades, adquisicións e recursos persoais típicos para a idade de referencia.

Do mesmo xeito, enténdense por situacións de risco de padecer un trastorno no desenvolvemento aquelas circunstancias de vulnerabilidade evolutiva que requiren intervención pola descompensación negativa entre factores de risco e protección.

2.- PRINCIPIOS REITORES

Os principios reitores da Rede galega de atención temperá son os seguintes:

a) Universalidade: acceso ao servizo de todas as persoas que reúnan os requisitos e condicións establecidas.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 685.755 exp. 2024/G013/000007

b) Igualdade: ausencia de calquera discriminación no acceso ao servizo.

c) Responsabilidade pública: inserción dos servizos nos sistemas sanitarios, de servizos sociais e educativa, garantidos polo sector público autonómico de Galicia.

d) Descentralización e proximidade: achegamento eficiente do servizo ás persoas destinatarias implementando, sempre que sexa posible, actuación de base comunitaria para a inclusión social, entendendo os servizos sociais comunitarios como o primeiro nivel de intervención no sistema galego de servizos sociais.

e) Coordinación: o sistema sanitario, o sistema educativo e os servizos sociais están directamente implicados na protección de menores e deben establecer mecanismos de coordinación eficaces para optimizar os recursos humanos e económicos, evitando en todo momento a fragmentación que poida darse como consecuencia da intervención de múltiples axentes, entidades ou profesionais, así como garantir a continuidade do proceso: a detección, derivación, seguimento e/ou intervención como obxectivos centrais na coordinación da protección dos/as menores de 6 anos.

f) Integración social: garantir o dereito das persoas a participar en todos os ámbitos da sociedade recibindo o apoio que necesitan no marco das estruturas comúns de educación, saúde, lecer e cultura, e servizos sociais, recoñecéndolles os mesmos dereitos que aos resto da poboación.

g) Interese superior do/a menor.

h) Prevención: co obxecto de manter a autonomía persoal dos/as menores e adiar o posible agravamento dos trastornos no desenvolvemento que os afecten ou exista risco de que os poidan afectar.

i) Gratuidade: como principio inspirador da Rede, estes servizos non estarán suxeitos a contraprestación económica por parte das persoas usuarias.

l) Interdisciplinabilidade e alta cualificación profesional.

m) Diálogo e participación familiar.

n) Calidade.

3.- PRESTACIÓNS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ DE RIANXO

De acordo co disposto no artigo 6 do Decreto 183/2013, de 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, o catálogo de servizos específicos de atención temperá constitúe o conxunto de actuacións, prestacións, recursos, tratamentos, axudas e demais medios de atención dirixidas aos nenos e ás nenas, ás súas familias e ao seu entorno, para a consecución das finalidade e obxectivos contemplados no apartado primeiro do presente regulamento.

Este catálogo incluírá, polo menos, as seguintes actuación de carácter axial, que deberán prestarse dunha maneira integrada a través dun dispositivo interdisciplinario:

A) De prevención, acollida, observación, valoración e diagnóstico do/da menor, e de información, orientación, asesoramento e apoio ás familias e aos recursos do entorno, en relación ao itinerario e circunstancias evolutivos dos nenos e nenas de 0 a 6 anos.

Así mesmo, e de acordo co establecido Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, forman parte do servizo de atención temperá as seguintes prestacións:

- a)** Diagnóstico e valoración dos trastornos de desenvolvemento de nenos e nenas.
- b)** Desenvolvemento psicomotor.
- c)** Desenvolvemento cognitivo.
- d)** Desenvolvemento da linguaxe e a comunicación.
- e)** Desenvolvemento da autonomía
- f)** Desenvolvemento da área social e afectiva.
- g)** Apoio, información, habilitación e formación da familia.

4.- METODOLOXÍA

O equipo de atención temperá garantirá unha atención especializada e interdisciplinar. As actuacións terán un carácter multidimensional e biopsicosocial mediante o equipo interdisciplinar especializado en desenvolvemento infantil de 0 a 6 anos que seguirá un modelo metodolóxico común de actuación, conforme aos seguintes criterios:

- a)** Detección precoz dos trastornos do desenvolvemento ou das situacións de risco de padecelos.
- b)** Valoración e intervención interdisciplinaria e transdisciplinaria a través das fases de acollida, valoración, intervención e avaliación.
- c)** Identificación e rexistro do trastorno do desenvolvemento, competencias persoais, factores contextuais, barreiras e facilitadores para o progreso na autonomía persoal e a inclusión social, seguindo o modelo conceptual común da CIF-IX (Clasificación internacional do funcionamento, da discapacidade e da saúde). Esta documentación estará incorporada nun expediente único.
- d)** Elaboración e seguimento dun plan personalizado de intervención e formulación coa

familia dun contrato asistencial de actividade e apoios específicos que recolla os dereitos e obrigas de ambas partes, así como os recursos que se porán á disposición do/a menor.

e) Coordinación cos recursos dos servizos sociais, educativos e sanitarios relacionados cos procesos referidos.

f) Autonomía persoal: consideración permanente das persoas destinatarias como suxeitos activos das actuación que traten de facilitar o seu desenvolvemento persoal.

g) Atención personalizada: adecuación flexible do servizo ás situacións e necesidades particulares das persoas destinatarias.

h) Atención especializada multidisciplinar: as actuacións terán un carácter multidimensional e biopsicosocial mediante equipos multidisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil de 0 a 6 anos.

i) Estimulación e apoio emocional, social, sanitario e educativo para o desenvolvemento activo da autonomía persoal do/a usuario/a e a súa inclusión familiar, escolar e social, tendo sempre en conta as súas necesidades e prioridades evolutivas.

Sen ánimo exhaustivo, refírense a continuación as actuación que desenvolverá o equipo do servizo, para acadar a axeitada atención da poboación destinataria:

a) Atención de consultas previas sobre casos que poidan ser obxecto de atención no servizo.

b) Acollida, valoración de casos, formulación de plan de traballo, execución do plan, avaliación da evolución e da posible alta.

c) Acompañamento á familia e remisión a outros recursos de interese.

d) Rexistro de casos conforme ao sistema vixente en cada momento.

e) Coordinación con profesionais implicados na atención das persoas atendidas. En particular co persoal dos servizos sociais municipais de referencia.

f) Asignación da persoa coordinadora de caso entre as que conforman o equipo de atención temperá.

g) Emisión de informes de caso cando sexa preciso e no momento da alta.

h) Sensibilización do contorno e difusión da labor realizada no servizo.

i) Planificación de programas comunitarios para promover a prevención e a estimulación.

l) Organización de celebracións relacionadas ca sensibilización e saídas que promovan a integración social das persoas con discapacidade.

5.- ÁMBITO TERRITORIAL E TEMPORAL

A atención a poboación infantil e ás súas familias realizarase no local habilitado ao efecto e garantirá a prestación do servizo a toda a poboación infantil de 0 a 6 anos do termo municipal do Concello de Rianxo ou que teña o servizo de Pediatría asignado no Concello de Saúde Rianxo, así como as súas familias.

O servizo prestarase todos os días da semana, de luns a venres en horario de mañá e dous días tamén en horario de tarde cun mínimo de dúas horas desde as 15:30 en diante, cunha intensidade de 7 horas diarias.

6.- MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO

6.1. Medios persoais

O Servizo de Atención Temperá de Rianxo contará cun equipo técnico interdisciplinar formado por un mínimo de tres profesionais dos seguintes graos: pedagogía, psicopedagogía, psicoloxía, logopedia, educación social, traballo social, maxisterio, enfermaría, terapia ocupacional, fisioterapia e medicina.

Todos os membros estarán especializados en desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou en apoio familiar, e acreditarán experiencia suficiente nestes materiais para a realización das súas funcións.

O equipo contará cunha persoa responsable que actuará como coordinador/a deste e interlocutor coas persoas responsables a nivel municipal.

6.2. Medios materiais

O Servizo de Atención Temperá de Rianxo disporá da dotación suficiente para desenvolver a súa actividade. Sen prexuízo das melloras que neste ámbito poidan realizarse para incrementar os niveis de calidade e adaptación ás necesidades específicas da poboación usuaria.

Poden diferenciarse tres tipoloxías principais de materiais:

- a)** Material terapéutico: material educativo, de xogo e equipamentos técnicos para facilitar a prestación do servizo.
- b)** Material funxible.
- c)** Equipamentos informáticos, teléfono móbil de contacto e material de oficina non funxible.

7.- NORMAS XERAIS DE ACCESO E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

- a)** O equipo de atención temperá promoverá a difusión da actividade do servizo e orientará a familias e profesionais sobre a conveniencia de acceso a este.
- b)** O acceso ao Servizo de Atención Temperá requirirá da derivación formal por parte dos servizos de pediatría.
- c)** As entrevistas concertaranse mediante cita previa, a través dun número de teléfono ou correo electrónico do servizo.
- d)** O horario de atención directa á familia e ao/á neno/a será fixado dentro do horario de funcionamento do servizo e acordarase entre a familia e o equipo profesional, atendendo ás necesidades existentes da familiar e aos horarios dispoñibles de cada profesional.
- e)** As persoas acompañantes da/o menor estará nos espazos comúns cando a persoa responsable así o indique. Igualmente, participarán das sesións cando resulte adecuado.
- f)** O mantemento e a frecuencia horaria na atención ao/á menor e á familia, estará suxeito á capacidade do servizo e á súa dispoñibilidade horaria.
- g)** Os cambios ou modificacións no réxime de asistencia ao centro deberán informarse á familia coa máxima antelación.
- h)** A ausencia reiterada e non xustificada será causa de suspensión ou extinción do servizo previa realización das comprobacións necesarias.
- i)** Mensualmente emitirase un informe dirixido a persoal coordinadora municipal do SAT recollendo cando menos os seguintes datos:
 - Número de persoas atendidas no período mensual
 - Número de Altas.
 - Número de Baixas e motivos das mesmas.
 - Incidencias graves producidas no período mensual .

8.- DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

Todas das persoas usuarias do Servizo de Atención Temperá do Concello de Rianxo terán os seguintes dereitos:

- 1.** Coñecer o nome e a función dos profesionais que atendan ao/á menor.
- 2.** Recibir atención especializada en condicións de igualdade, sen que poida ser obxecto de discriminación por razón algunha, respectando a súa personalidade, dignidade e intimidade.

3. Ofrecer atención, prestacións e servizos dispoñibles no centro que o equipo de profesionais considere necesario.

4. Recibir información comprensible do desenvolvemento do/a neno/a, o progreso e o tratamento que se levará a cabo.

5. Manter a confidencialmente de toda a información relacionada coa atención segundo a lexislación en materia de protección de datos persoais.

6. Recibir un informe cando sexa preciso e cando se finalice o tratamento no centro. En dito informe incluírase o seguimento e as actividades necesarias que se deberán levar a cabo no domicilio para manter e mellorar o conseguido até o momento.

Todas as persoas usuarias do Servizo de Atención Temperá do Concello de Rianxo terá as seguintes obrigas:

1. Manter o debido respecto ás normas establecidas no centro, así como ao persoa que presta os servizos no mesmo.

2. Coidar as instalacións e colaborar no seu mantemento.

3. Respetar as citas e sesións, sendo puntuais tanto no momento de chegada como no de saída. No caso de non poder asistir, débese cancelar cun mínimo de 24 horas de antelación. Se ditas faltas non xustificadas e/ou avisadas, de forma reiterativa, poderase modificar o horario dándolle prioridade a outras persoas usuarias.

4. As persoas acompañantes dos/as nenos/as deberán permanecer no centro onde se imparten as sesións ou ben estar localizados durante o transcurso das mesmas.

5. Informar ás profesionais que conforman o equipo do servizo de calquera información ou cambio relevante na vida do/a neno/a que poida interferir no seu tratamento.

6. Os pais, nais ou titores/as do/a neno/a comprométense a participar activamente co acordado no Plan Personalizado de Intervención (PPI) segundo as pautas de actuación que se lle faciliten, evitando condutas ou situacións que atrasen o desenvolvemento e a autonomía do/a neno/a ou a evolución no programa.

7. Promover ou facilitar o contacto e a colaboración do persoa do servizo con outros recursos ou centro aos que acuda o/a neno/a.

9.- CONTROL E SEGUIMENTO DO SERVIZO

O servizo quedará sometido de forma permanente ao control da Concello de Rianxo, que poderá revisar os servizos e traballos prestados.

A Unidade de Atención Temperá do Concello de Rianxo quedará sometida de forma permanente

ao control dunha Comisión de Seguimento constituída a tal efecto na que participarán todos os Grupos Municipais con representación na Corporación Municipal, a persoa dos Servizos Sociais do Concello de Rianxo responsable do servizo, así como os/as orientadores/as dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Rianxo.

10.- PROTOCOLO DE DERIVACIÓN, INTERVENCIÓN, COORDINACIÓN E FINALIZACIÓN DA ATENCIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

A actuación do servizo seguirá o establecido no Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá. As distintas fases da atención organízanse conforme ao seguinte itinerario descrito neste documento de consenso promovido pola administración autonómica e de acordo aos contidos alí establecidos:

Proceso de detección precoz e de derivación

- Fase de detección precoz

Proceso de valoración e intervención

- Fase de acollida
- Fase de valoración
- Fase de intervención
- Fase de avaliación
- Finalización do servizo

11.- PROTOCOLO DE INCIDENCIAS

Defínense, a continuación, os procedementos a seguir ante circunstancias que poden supor incidencias relevantes para a prestación das atención do servizo.

11.1. Falta reiterada sen xustificar ao servizo

Calquera ausencia ás citas que non conte con aviso previo ou motivación será obxecto de seguimento específico por parte do equipo. Efectuarase contacto coas familias para coñecer os motivos da ausencia e no seu caso colaborar na resolución destes.

Tres días continuados de faltas sen xustificar, poderá iniciar un proceso de alta de oficio no servizo..

11.2. Incumprimento das normas do servizo

O incumprimento de normas de organización do servizo por parte das persoas usuarias o equipo

profesional remitirá un aviso informando aos responsables municipais. De persistir no incumprimento das normas, e despois de dúas notificacións, procederáse á apertura dun expediente administrativo por parte do Concello de Rianxo.

11.3. Presentación de queixas

As persoas usuarias do servizo poderán presentar queixas formais por escrito no Rexistro do Concello, a través da Sede Electrónica do Concello de Rianxo, ou por calquera outro medio previsto na normativa .

As queixas responderanse nos 15 días hábiles posteriores aos da súa presentación.

Daráselle traslado das queixas recibidas á Comisión de Seguemento da Unidade de Atención Temperá.

11.4. Detección de factores de risco que poden dar lugar a unha situación de desamparo

O equipo profesional informará e daralle traslado aos servizos sociais de referencia de calquera indicio de maltrato ou desatención.

12.- LISTAXE DE AGARDA

Ante a posibilidade de que exista unha demanda do servizo superior á capacidade de atención deste, establécense os seguintes criterios para a conformación de listaxe de agarda co seguinte baremo:

Discapacidade recoñecida	Até 5 puntos
<33%	2
33% - 36%	3
36% - 66%	4
>66%	5
Dependencia recoñecida	Até 5 puntos
Sen dependencia	2
Grao I	3
Grao II	4
Grao III	5
Familia numerosa	Até 5 puntos
Normal	3
Especial	5
Idade	Até 5 puntos
Ata 1 ano	2
De 1 a 3 anos	3
4 anos	4
5 anos	5

Situación	Até 5 puntos
Familia perceptora da RISGA	5
Familia non perceptora da RISGA	0
Enfermidade	Até 5 puntos
Diagnóstico ou enfermidade multifactorial	5
Diagnóstico severo	4
Afectación moderada	3
Afectación leve	2
Tipo de intervención	Até 5 puntos
Puntual indirecta	5
Puntual directa	5
Directa de curta duración	4
Directa de longa duración	3
Intervención exclusivamente familiar	5
Outras circunstancias	Até 5 puntos
Aspecto aberto que baixo criterio técnico precise ser considerado	Máximo 5

A concorrencia dos factores de risco sociais deberán ser apreciados polos servizos sociais de referencia do/a neno/a e constarán en informe emitido por estes.

No que respecta a outras circunstancias valoradas, o equipo deberá facer constar no expediente a concorrencia destas, argumentando a relevancia para priorizar a atención.

13.- PROPOSTA DE AVALIACIÓN

Con carácter anual realizarase unha memoria do servizo, na que se dará conta da actividade desenvolta dende o servizo. Incluiranse datos estatísticos de intervención tanto a nivel individual e grupal, como de coordinación con entidades e profesionais e de desenvolvemento de actividades de carácter comunitario.

14 .- PROTECCIÓN DE DATOS.

O Concello de Rianxo é o Responsable do tratamento dos seus datos persoais e infórmalle que estes datos serán tratado de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, coa finalidade de dar cumprimento a ordenanza municipal do funcionamento do Servizo de Atención Temperá en base a unha obriga legal e non conservalos durante máis tempo do necesario para manter o fin do tratamento ou mentres existan prescricións legais que ditaminen a súa custodia. Os datos poderán ser comunicados a outras administración públicas en caso de ser requiridos mediante obriga legal. Así mesmo,

infórmase de que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a Concello de Rianxo en Praza Castelao, 1 – 15920 Rianxo (A Coruña). Correo electrónico: dpd@concelloderianxo.gal e o de reclamación a www.aepd.es

DISPOSICIÓN

Disposición adicional primeira

Facúltase aos servizos técnicos municipais a realizar as inspeccións que consideren necesarias no desenvolvemento do servizo .

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez que transcorra o prazo regulamentario ao que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e que se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.”

Rianxo, martes 25 de novembro de 2025.

Asinado dixitalmente, o Alcalde, Julian Bustelo Abuin